



CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña.

O pasado 21 de febreiro este Concello de Negreira solicita como promotor un programa de emprego denominado "Programa de Emprego Mocidade 2020" en colaboración cos Concellos de Val do Dubra, a Baña e Santa Comba en base a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede para a súa convocatoria para o ano 2020.

O 23 de xullo recíbese unha notificación por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria onde se aproba a concesión de dita subvención, en dita resolución aprobase o importe de 369.462,32 € para o programa referido e establécese o procedemento e a normativa a cumprir para a súa correcta posta en funcionamento.

Tendo en conta que resulta de interese para este Concello de Negreira, así para o resto de concellos colaboradores aprobar as bases para a selección do alumnado traballador/a e persoal directivo, docente e administrativo de apoio ó programa de emprego Mocidade 2020", unha vez reunido o Grupo de traballo mixto e asinadas as bases polos membros do mesmo.

Considerando as facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación.

RESOLVO

Primeiro: Aprobar as bases para a selección do alumnado traballador/a e persoal directivo, docente e administrativo de apoio ó PROGRAMA DE EMPREGO MOCIDADE 2020.

As bases elaboradas polo Grupo de traballo mixto, van adheridas como anexo a este decreto.

Segundo: Remitir á Xefatura Territorial de Emprego da Coruña toda a documentación precisa para a solicitude, en tempo e forma.

Terceiro: Dar conta de este acordo ó Pleno na próxima sesión ordinaria que celebre.

ANEXO



BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSONAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO DO PROGRAMA DE EMPREGO MOCIDADE 2020

O Programa de Emprego "Mocidade 2020" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mozas incluídas no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo, e promovido polo Concello de Negreira e conveniado cos concellos de Val do Dubra, a Baña e Santa Comba.

A/s especialidade/s a impartir é/son a/s seguintes:

- FÁBRICAS DE ALBANELERÍA (EOCB0108) (8 alumnos/as).
- ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA (AGAO0108) (8 alumnos/as)

A distribución por concellos é a seguinte:

- Concello de Negreira: 4 alumnos/as
- Concello de Val do Dubra: 4 alumnos/as
- Concello da Baña: 4 alumnos/as
- Concello de Santa Comba: 4 alumnos/as

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.- Reposición das plaquetas da beirarrúa da zona PK0+00 ata PK0+570 (AC 444 Avda. as Brañas) (Negreira)
- 2.- Reposición das plaquetas da beirarrúa da zona PK0+00 ata PK0+50 (AC 546 Avda. de Barcala) (Negreira)
- 3.- Revestimento do teleclub de Barbazán (Negreira)
- 4.- Colocación do muro, acceso para minusválidos e formigonado na parcela do local social de Portor (Negreira)
- 5.- Colocación de bancos no lugar de Santa Mª de Portor Pol 502 parc358 (Negreira).
- 6.-Formigonado e tabicado no campo de fútbol de Pedra Mámoa (Negreira)
- 7.-Actuacións de xardinería na zona do parque do Coto (Negreira)
- 8.-Actuacións de xardinería no Complexo de Pedra Mámoa (Negreira)
- 9.-Actuacións de xardinería no lugar de Portor Pol 502 parc 358 (Negreira)
- 10.-Limpeza e mantemento da zona axardinada da Avda.de Santiago (Negreira)
- 11.-Mantemento e axardinado da finca zona verde -Avda.das Brañas (Negreira)
- 12.-Baixo da cuberta do Centro Social e da terceira idade de San Vicenzo da Baña (A Baña)
- 13.-Redistribución interior do teleclub de San Vicenzo da Baña (A Baña)
- 14.-Operacións auxiliares para a produción e mantemento de plantas en viveiros e plantacións de árbores froiteirasna área recreativa de Chans (A Baña)

O FSE inviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020

[Handwritten signature]


[Handwritten signature]



- 15.-Operacións auxiliares para a produción e mantemento de plantas en viveiros e plantacións de árbores froiteirasna área recreativa de Fiopans (A Baña)
- 16.-Operacións auxiliares para a produción e mantemento de plantas en viveiros e plantacións de árbores froiteirasna área recreativa de Chousa (A Baña)
- 17.-Operacións auxiliares para a produción e mantemento de plantas en viveiros e plantacións de árbores froiteirasnas zonas verdes de San Vincenzo (A Baña)
- 18.-Xardín comestible na fina da rúa Tedelle (A Baña)
- 19.-Melloras na área recreativa Campo da Feira (Val do Dubra)
- 20.-Mellora do céspede da área recreativa de Bemibre (Val do Dubra)
- 21.-Mellora do céspede da finca Culleitalos (Val do Dubra)
- 22.-Mellora do céspede da finca Agra da Porta (Valdo Dubra)
- 23.-Melloras pavimento de lousa e arranxo de fonte no Campo da Feira (Val do Dubra)
- 24.-Reparación do peche da parcela do punto limpo (Val do Dubra)
- 25.-Ampliación da Biblioteca Municipal (Val do Dubra)
- 26.-Arranxo das beirarrúas e eliminación de barreirasarquitectónicas no núcleo urbanode Bemibre (Val do Dubra)
- 27.-Arranxo das beirarrúas e eliminación de barreiras arquitectónicas no núcleo urbanode Rial (Val do Dubra)
- 28.-Arranxo das beirarrúas e eliminación de barreiras arquitectónicas no núcleo urbanode Portomouro (Val do Dubra)
- 29.-Arranxo das beirarrúas e eliminación de barreiras arquitectónicas no núcleo urbanode San Román (Val do Dubra)
- 30.-Muro en pista polideportiva en lugar de Cétigos (Santa Comba)
- 31.-Muro en pista polideportiva de Vilamaior (Santa Comba)
- 32.-Muro enzona aparcamento en campo de fútbol de Castriz (Santa Comba)
- 33.-Interior de cantina en campo de fútbol de Castriz (Santa Comba)
- 34.-Muro contención en esquina pista polideportiva de Ser (Santa Comba)
- 35.-Muro de Pedra na área recreativa de Ser (Santa Comba)
- 36.-Muro de pedra na área recreativa do Busto (Santa Comba)
- 37.-Muro e escola de O Busto (Santa Comba)
- 38.-Paramentos Verticais en aula de CMF-Obradoiro (Santa Comba)
- 39.-Mantemento de xardíns e zonas verdes dos arredores da Casa Consistorial e Praza do Concello (Santa Comba)
- 40.-Mantemento de xardíns e zonas verdes existentes na piscina municipal descuberta (Santa Comba)
- 41.-Mantemento de xardíns e zonas verdes no campo de fútbol, pavillón e piscina climatizada Fontenla (Santa Comba)
- 42.-Mantemento de xardíns e zonas verdes na zona centro social e vivendas sociais (Santa Comba)
- 43.-Mantemento de xardíns e zonas verdes na zona do Museo Casa do Pozo (Santa Comba)
- 44.-Mantemento de xardíns ezonas verdes en zona edificio multiúsos de Santa Comba (Santa Comba)
- 45.-Mantemento de xardíns e zonas verdes dos arredores na Casa da Cultura e Policía Local (Santa Comba)

O obradoiro terá unha duración de **12 meses** e formará a **16 alumnos/as traballadores/as**.

O FSE inviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020



O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 1 mestres da especialidade Fábricas de Albañelería (xornada completa).
- 1 mestres da especialidade Actividades Auxiliares en Viveiros, Xardíns e Centros de Xardinería (xornada completa).
- 1 titor/a (media xornada)
- 1 administrativo/a (xornada completa)

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

1.- Grupo de traballo mixto:

O grupo de traballo mixto ou comisión de selección estará formado por catro persoas, representantes de cada concello participante no programa de emprego. A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá na persoa que representa en este caso a entidade promotora. **Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo mixto nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.**

O grupo de traballo considerárase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do grupo de traballo mixto, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña ou a persoa titular da entidade promotora, segundo sexa o caso.

O presente proxecto terá como data límite prevista para o seu inicio o 15/09/2020, segundo se establece na Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (Formación e Aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2020. (DOG núm 13, do 21 de xaneiro de 2020).

O FSE inviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020

(Handwritten signatures and stamps)



2.- Procedemento de selección alumnado-traballador/a:

Localidade: Ámbito dos Concellos de Negreira, Val do Dubra, A Baña e Santa Comba. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: Dende os 18 anos ata o día anterior ao cumprimento dos 30 anos.

Situación Laboral: Mozos e mozas desempregados, inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e que teñan solicitado algún dos seguintes servizos; Escolas Taller Programas (320), Casa de Oficio (330), Taller de emprego (340) Outros programas de emprego e formación dual (370) e como novidade preseleccionarase ós demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 "suspensión específica programas experimentais de emprego", sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2 e 10 da Orde do 27 de decembro de 2019 (DOG núm 13, do 21 de xaneiro de 2020), e no artigo 105.3 da Lei 18/2014 de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia e no Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados (art. 2.3).

O grupo de traballo mixto resolve que no caso de que a persoa candidata participara con anterioridade noutro obradoiro de emprego e posúa xa un certificado de profesionalidade, poderá optar á selección sempre e cando a formación que se vaia impartir neste novo programa de emprego corresponda con un certificado de profesionalidade distinto.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado polo grupo de traballo mixto, e o mínimo será, se é posible, de 3 por praza. A sondaxe poderá realizarse entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: 340, 320, 330, 699 ou 370.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o programa de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de Santiago Norte**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo mixto.

A selección definitiva dos/as 16 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo grupo de traballo mixto que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego e unha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no

FSE imviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020

FSE imviste no teu futuro



proxeito e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

O grupo de traballo mixto poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de traballo mixto.

O grupo de traballo redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

O grupo de traballo mixto, establece como criterio establecido para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais son por orde de prelación, as seguintes:

- a) Non haber participado nunca nun Obradoiro de Emprego.
- b) A menor cualificación profesional.
- c) Maior tempo acreditado como desempleado (derradeira inscrición na oficina de emprego)

3.- Procedemento selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Santiago Norte, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e terán preferencias as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en **situación de desemprego** (artigo 11.7).

O grupo de traballo mixto determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os Concellos de Negreira, Val do Dubra, A Baña e Santa Comba, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos **do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertencen os concellos promotores** e de ser necesario, a toda a provincia.

A oficina de emprego ou a entidade promotora comunicará os/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica, que se xustificaran co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

O FSE inviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



- ✓ Traballo por conta allea: Contratos de traballo ou certificados de empresa, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
- ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigaón de cotizar.
- ✓ Traballo no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación.

O grupo de traballo mixto citará ás persoas candidatas admitidas para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de traballo mixto. O grupo de traballo mixto levará a cabo as entrevistas, as valorará e redactará as correspondentes actas que serán obxecto de exposición pública e se remitirán á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**).

O grupo de traballo mixto valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta que se remitirán á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**). A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros da entidade promotora, da xefatura territorial e da oficina de emprego de **Santiago Norte**, así como na páxina web da entidade promotora debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

3.1 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- a. A puntuación outorgada no apartado de experiencia profesional.
- b. O maior tempo acreditado como desempleado (derradeira inscrición na oficina de emprego)
- c. A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- d. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- e. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- f. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados

3.2 Incompatibilidade


As persoas candidatas que na data de remate do proceso selectivo, estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva,

O FSE inviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Orientación e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

4. Publicacións e/ou notificacións:

O grupo de traballo mixto acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Santiago Norte, así como na páxina web da entidade promotora e na dos concellos colaboradores

En Negreira a 28 de xullo de 2020.

O grupo de traballo mixto:

Presidenta:
Sonia Ponte Esturao.
AEDL Concello de Negreira

Secretaria;
Ana Lucía Calviño Canedo
AEDL Concello de Val do Dubra

Vogais:
M^a Dolores Landeira Liñares.
AEDL Concello da Baía

Luz M^a Vieito Díaz
Administrativa Persoal Concello de Santa Comba

O FSE inviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020



BAREMO PARA A SELECCIÓN DUNHA DIRECTOR/A

FUNCÍONS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía, Emprego e Industria, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións.
 2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ante os Concellos de Negreira, Val do Dubra, A Baña e Santa Comba as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
 3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
 4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
 5. Facilitar a inserción laboral do alumno durante e unha vez rematado o proxecto.
 6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
 7. Proponer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
 8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
 9. Impartir a formación complementaria relativa ó módulo transversal de xestión empresarial e o módulo de Alfabetización Informática.
- Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria; Indicarase na oferta de emprego a máis aceptada ao obradoiro (con inclusión das titulacións en grao).

Indicarase na oferta de emprego a experiencia profesional mínima se fora o caso.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 6,00 puntos.

FIRMADO POR Manuel Ángel Leis Míguez (FECHA: 28/07/2020 14:21:00)
 Decreto Nº: 147/2020 - Fecha de decreto: 28/07/2020
 Versión imprimible
 CVD: 7CSZtfAltatC+c46wLk2
 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Cofecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

d FSE invierte no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020





Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se tera en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.**

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

FUNCIÓNS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado **1** mestres de **FÁBRICAS DE ALBANELERÍA** a xornada completa e **1** mestre de **ACT. AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA** a xornada completa.

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.
- Cada mestre na súa especialidade impartirá o módulo de Sensibilización Ambiental respectivo.

O FSE inviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020



REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico:

Os establecidos no (RD 1212/2009, de 17 de julio, modificado por el RD 615/2013, de 2 de agosto), que regula o certificado de profesionalidade da especialidade de FABRICAS DE ALBANELERÍA.

Os establecidos no (RD 1228/2006, de 27 de octubre de 2006, BOE de 3 de enero de 2007), que regula o certificado de Profesionalidade da especialidade de ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, JARDINES Y CENTROS DE JARDINERÍA.

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 6,00 puntos

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:


- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 9 puntos.



O FSE inviste no teu futuro. Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020



Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secretaría)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.**

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A E MESTRE DE ENSINO BÁSICO

FUNCIONES:

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarse da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de ESO. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica

Será contratado/a a media xornada.



O FSE Invisión do futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020

FIRMADO POR Manuel Ángel Leis Míguez (FECHA: 28/07/2020 14:21:00)
Decreto Nº: 147/2020 - Fecha de decreto: 28/07/2020
Versión imprimible

CVD: 7CSZtfAltatC+c46wLk2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
- Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado.
- Impartirá o módulo de Igualdade de Oportunidades.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Titulación universitaria (con inclusión das titulacións ao nivel de grao) relacionada coa materia e funcións a desenvolver.

Indicarase a titulación requirida na oferta de emprego, e a experiencia profesional mínima necesaria, se fora o caso (preferentemente relacionada coas materias a impartir)

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo 6,00 puntos**

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axcitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grao, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.




[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

O FSE invitista no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020



A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 9 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 1 punto.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSC'E0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 1 punto.

Cóñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.**

BAREMO PARA A SELECCION DUN/HA ADMINISTRATIVO/A

FUNCIONES:

O/A candidato/a seleccionado/a encargarase das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.

O FSE insiste no seu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil/ 2014-2020



- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Teritorial e da entidade promotora

Será contratado a xornada completa.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación de **técnico/a en xestión administrativa**.

Indicarase na oferta de emprego a titulación máis axeitada ao obradoiro é a experiencia profesional mínima se fora o caso.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 6,00 puntos**.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

Título de técnico/a de outra rama relacionada ou o seu equivalente: 0,50 punto

Título de técnico/a superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: 1 punto.

Título de bacharelato: 1,5 puntos

Titulación universitaria (licenciatura, grao ou diplomatura): 2 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**. A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

O FSE inviste no teu futuro - Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]





No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de alta **1 punto**.


Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates** entre as puntuacións das persoas candidatas.

O FSE inviste no teu futuro. Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020





**SELECCIÓN ALUMNADO DO PROGRAMA DE EMPREGO MOCIDADE 2020
 DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS
 INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL**

ENTREVISTA

No caso de que o grupo mixto considere que debe ter lugar a celebración dunha entrevista valorarase o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 8,00 puntos.

BAREMO

| CRITERIOS | | PUNTOS |
|---|--|--------|
| Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nalgunha das especialidades formativas a impartir (Fábricas de albanelería ou Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería) | | 4 |
| Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema | | 4 |
| Discapacidade \geq 33% | | 1 |
| Idade | De 18 ata 20 anos | 0,5 |
| | > 20 ata 22 anos | 1 |
| | > 22 ata 24 anos | 2 |
| | > 24 ata < 30 anos | 4 |
| Experiencia laboral | Ningunha | 3 |
| | Ata 12 meses | 2 |
| | \geq 12 meses | 1 |
| Nivel de cualificación profesional | Baixa (que non posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria) | 4 |
| | Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio) | 1,5 |
| | Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria) | 0,5 |

O FSE inviste no teu futuro. Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020



